

JAN POL, PROTAGONISTA DE *THE INCREDIBLE DR. POL*



"Canto máis e mellor eduquemos á sociedade respecto do coidado dos animais, mellor estarán eses animais"

Jan Pol é un dos veterinarios máis televisivos dos últimos anos. Hai unha década que está á fronte do programa de National Geographic Wild *The Incredible Dr. Pol*, desde o que realiza unha importante tarefa de promoción do sector. Pol foi un dos asistentes estrela do WBC de Madrid e o encargado de presentar a súa última mesa redonda, sobre os trucos que os buiatras poñen en práctica no traballo de campo.

É a primeira vez que asiste a un congreso mundial de buiatras?

Si. É a primeira vez que veño a Madrid e asisto a unha reunión deste tipo. Xa vin un dos relatorios e, si, podería dicirse que despois de 50 anos no negocio aínda teño que seguir aprendendo. Iso gústame. Sempre xorden enfermidades e problemas novos e é importante estar ao día para saber como tratalos.

Vén falar de trucos prácticos nun congreso eminentemente teórico. Como de importante cre que é compartir as experiencias de campo?

Creo que é esencial. Para min, os aspectos prácticos son os máis importantes. Sempre digo que "se podes facelo sinxelo, non o compliques". Entón, se hai cousas novas que podes aprender doutros veterinarios, iso é perfecto. Non deberíamos gardarnos segredos, o interesante é intercambiar ideas cos colegas.

É complicado dar resposta ás necesidades dunha variedade tan ampla de animais como os que vos trata?

Creo que depende do que elixa cada un. Sei que agora hai moitos veterinarios que se queren especializar, pero, para min, o reto está en realizar o mellor diagnóstico para calquera animal, porque por que especializarse nunha soa área cando hai tantas mascotas que necesitan axuda? Esa é a miña filosofía. No que se refire aos animais que atendo, gústame axudar a calquera que chega á miña porta, porque o seu propietario quéreos, sexan o que sexan. Dáme igual que sexa un pito, un can, un gato, un lagarto ou unha serpe. Tento prestar o mellor servizo posible.



Que diferenzas percibe entre o coitado de mascotas e de animais de granxa?

É totalmente distinto. Nos animais de granxa mirar pola economía é un factor importante. Se ese animal non é produtivo, se non rende ao nivel necesario, haberá que descartalo. Neste sentido, como veterinarios é importante que realicemos diagnósticos precisos, que nos axuden a saber que vai mal, e que despois lle expliquemos ao gandeiro que se debe facer e canto vai custar para que poida decidir como proceder.

Cos animais de compañía ocorre case o contrario. Ti queres que a túa mascota viva o maior tempo posible, pero aínda así nós debemos tratar sempre de buscar a maneira máis económica posible de conseguilo.

Como foi a súa experiencia profesional con vacas de leite?

Cando estaba a empezar, o 80 % do meu traballo estaba relacionado coa industria láctea. Agora non me dedico tanto a elas, porque imperan cada vez máis as granxas de gran volume cos seus propios profesionais veterinarios.

En xeral, son partidario de falar cos gandeiros para que poidan implementar eles os cambios e melloras, aínda que sempre digo que non se debe tratar un animal ata ter o diagnóstico claro, algo para o que se deben poñer en funcionamento os cinco sentidos.

Respecto disto estoume acordando dunha pequena historia... Cando era novo, antes mesmo de entrar na universidade, un gandeiro explicoume que cando tiña a unha vaca enferma, pero non era capaz de dar coa razón, probaba o seu leite. Se, por exemplo, o leite estaba salgado, era síntoma de que podería estar a sufrir mastite. Así pois, mesmo o gusto é un sentido que entra en xogo nesta profesión.



DEZ ANOS CUN PÚBLICO FIEL

Jan Pol é o protagonista do *reality show* de National Geographic Wild *The Incredible Dr. Pol*, programa que leva en emisión desde outubro de 2011 e que conta xa con máis de 220 episodios repartidos en 20 tempadas.

Esta non era unha actividade secundaria que Pol se propuxera nunca, ata que o seu fillo Charles, produtor que traballou durante unha década en Hollywood, llo expuxo. "Hai algo máis de dez anos, o meu fillo veu e díxome: 'Papá, deberíamos facer un *reality* sobre ti'. Despois de todo, el sempre lles dixo aos seus amigos que o seu pai... é toda unha personaxe!", ri.

Ao preguntarlle sobre a clave para estar á fronte dun programa de éxito sobre o mundo animal durante tanto tempo, conta este veterinario de orixe neozelandés que a clave é gozar do que fai: "Divírtome moito co meu traballo. Encántame ser veterinario porque cada día é diferente. E dou o mellor de min mesmo, aínda que, claro, non sempre podemos salvar a todos os animais".

Se decidiu dicir si ao proxecto, afirma, foi polo seu fillo e sen expectativas de que chegase a ter tanta repercusión. "Charles díxome que só tiña que facer o meu traballo, que iso era suficientemente interesante; é o que fixen sempre e supoño que é parte do segredo", reflexiona.

No que se refire aos animais de produción, lembra que, especialmente ao principio, as granxas eran reticentes a ser gravadas por toda a serie de connotacións negativas que se ten do seu traballo fóra do sector produtor. "Pero nós mostramos a realidade. Demostramos que estes animais teñen boas instalacións, que están correctamente alimentados... e, si, que producen leite ou carne. Isto é o que fixemos a través do programa, amosarlle á poboación urbana de onde veñen o leite e a carne que consome e como de ben coida o gandeiro dos seus animais".

▶ "NAS MACROGRANXAS AS VACAS NON RECIBEN A ATENCIÓN INDIVIDUAL QUE CREO QUE DEBERÍA DARLLES UN VETERINARIO"

No entanto, se un gandeiro non é capaz de dar co problema, é imprescindible que chame ao seu veterinario e, por suposto, que preste atención ao que lle teña que dicir.

Como son as ganderías de leite en Michigan, a zona dos Estados Unidos na que vostede máis traballa?

Fun veterinario de campo durante 40 anos. Cando empecei, había 2-3 granxas de vacún leiteiro cada poucos quilómetros. Agora non é así. O traballo nunha gandería de leite está ben, pero xa non se paga o suficiente. A produción non alcanza para cubrir os custos e o tempo investidos. Por iso, o que imperan agora son as macrogranxas, de 1.000 a 7.000 vacas; entón, xa non podemos falar de granxas de leite, senón de factorías, de fábricas. Non é algo que me guste especialmente porque desta maneira as vacas ▶▶



CAIXA RURAL
GALEGA



caixaruralgalega.gal

rvia

pay

A nosa caixa

non reciben a atención individual que creo que debería darlles un veterinario. No entanto, como dicía antes, tamén sei que hai moitos propietarios que traballan cos seus propios veterinarios, o cal está ben, porque poden telos a disposición 24/7.

Parece que a sociedade vive cada vez máis de costas ao traballo que se realiza no campo. Que papel xoga un programa como o seu á hora de transmitir a verdade respecto do labor do sector produtor?

Eu creo que é moi útil. Penso que é necesario transmitirlle á xente de cidade unha serie de nocións tanto no relativo aos animais de produción como en canto ás mascotas. Durante estes anos recibín moitos comentarios dicíndonos canto aprenden grazas ao noso programa, o cal para min tamén é moi importante, porque canto máis e mellor eduquemos á sociedade respecto ao coidado dos animais, mellor estarán eses animais.

Respecto disto pódolles contar unha anécdota. En febreiro, nunha granxa en Orlando (Florida), un home veu e díxome: “Teño unha granxa de porcos e antes adoitaba sacrificar os que tiñan prolapso rectal, ata que vin como os tratabas e descubrín que era posible salvalos”. Isto é algo fantástico para min, encántame saber que axudamos a dar a coñecer novas posibilidades para coidar dos animais de maneira sinxela.



► “A TRAVÉS DO PROGRAMA AMOSÁMOSLLE Á POBOACIÓN URBANA DE ONDE VEÑEN O LEITE E A CARNE QUE CONSUME E COMO DE BEN COIDA O GANDEIRO DOS SEUS ANIMAIS”

Como de importante cre que é a vocación nunha profesión que require de tanta implicación como a de veterinario?

Esa é a clave. Debe encantarche o que fas porque, si, se escolles unha profesión como a veterinaria, sabes que non terás un horario de 8:00 a 17:00, porque os animais non entenden de días libres. Debemos estar preparados para traballar a deshoras. Tamén esa é a razón pola que non adoitamos traballar sós, senón en equipo, para facer quendas.

Algo que non me gusta é que agora cada vez hai máis veterinarios, sobre todo de pequenos animais, que pechan a clínica o venres ás cinco da tarde e non abren ata o luns ao oito da mañá, de maneira que non queda máis remedio que acudir a clínicas de urxencia, que están tan saturadas que tampouco poden prestar os seus servizos correctamente. Así pois, se elixes esta profesión, elixes o que ten de bonito... e o que ten de feo! ■